

Presentación da materia/módulo

Materia / Módulo	Lingua galega e literatura	Curso / Ciclo	2º BACH
-------------------------	-----------------------------------	----------------------	----------------

OBXECTIVOS E CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1	<p>FONÉTICA: vocalismo e consonantismo.</p> <p>MORFOSINTAXE/SEMÁNTICA: Regras de acentuación. As conxuncións comparativas. As categorías gramaticais. As relacións semánticas.</p> <p>DIALECTOLOXÍA: bloques e áreas do galego.</p> <p>COMENTARIO DE TEXTO: definición de palabras e/ou expresións, ideas principais e secundarias, resumo, tema, título e estrutura.</p> <p>SOCIOLINGÜÍSTICA:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Estereotipos e prexuízos lingüísticos. A súa repercusión nos usos. -Historia da normativización: a construción da variante estándar. Interferencias e desviacións da norma. <p>LITERATURA: A literatura galega de 1916 a 1936. : a poesía, a prosa, o teatro.</p>
2	<p>MORFOSINTAXE: pronome persoal. (tónicos e átonos, colocación de pronomes átonos). Valores de SE.</p> <p>LEXICOLOXÍA: prefixos, sufixos, segmentación.</p> <p>COMENTARIO DE TEXTO: tema, título, resumo, ideas principais e secundarias, definición de palabras e comentario crítico.</p> <p>SOCIOLINGÜÍSTICA:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico situación sociolingüística. - O galego de 1936 a 1978: características lingüísticas fundamentais. Contexto e histórico situación sociolingüística. <p>LITERATURA: A literatura galega de 1936 a 1976: a poesía, a prosa, o teatro.</p>
3	<p>MORFOSINTAXE: o verbo. (formas verbais, segmentación, infinitivo conxugado e perífrases verbais)</p> <p>SINTAXE: unidades e funcións sintácticas. Recursos de cohesión.</p> <p>COMENTARIO DE TEXTO: tema, título, resumo, ideas principais e secundarias, definición de palabras e comentario crítico.</p> <p>SOCIOLINGÜÍSTICA:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística. - O galego, lingua en vías de normalización. <p>LITERATURA: A literatura de 1975 á actualidade: poesía, prosa, teatro.</p>

Presentación da materia/módulo

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Instrumentos:

Conceptos e procedementos	100%	Proba de Lingua e sociolingüística	50%
		Proba de Lingua e Literatura	50%

Criterios:

En cada avaliación haberá dous exames:

1.- Exame de lingua e sociolingüística: incluíranse os conceptos de Lingua vistos na avaliación (Comentario crítico, Gramática, Fonética, Dialectoloxía, Lexicoloxía, Semántica, Sintaxe...) e unha parte que consistirá en desenvolver de forma práctica os conceptos dos temas de sociolingüística.

2.- Exame de lingua e literatura: incluíranse os conceptos de Lingua vistos na avaliación (Comentario crítico, Gramática, Fonética, Dialectoloxía, Lexicoloxía, Semántica, Sintaxe...) e unha análise literaria dun texto referido aos temas de literatura.

Nos exames de cada avaliación incluíranse conceptos das avaliación anteriores, tanto na parte de Lingua como na de Sociolingüística e Literatura.

Os conceptos de gramática que hai en cada avaliación traballaranse a través de modelos de exame das probas ABAU.

A puntuación de cada parte poderá modificarse en función dos criterios de exame da proba ABAU. Unha vez sexan publicados por parte da CIUGA tales criterios, poderá adaptarse e especificarse a puntuación. De non haber cambios, cada exame suporá o 50% da nota.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA. Ademais dos contidos de cada pregunta, tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, que se aplicará a todas as preguntas. Polo tanto, sobre a cualificación global poderase descontar ata un máximo de 2 puntos por erros (1 en cada unha das probas); desagregados do seguinte xeito:

Descontaranse 0,05 por faltas leves (ex: acentos) e 0,1 por faltas máis graves (castelanismos, colocación de pronomes, B/V...), sen contar as repetidas.

Presentación da materia/módulo

Para a nota final de curso, a cualificación final obtida nas probas da 2ª avaliación puntuará dobre e a da 3ª, puntuará triplo. Terase en conta a nota real de cada avaliación e non a ponderada.

PROBA EXTRAORDINARIA:

Aqueles/as alumnos/-as que non aproben a materia na convocatoria ordinaria, examinaranse de todo o temario na proba extraordinaria. Nesta proba seguirase o modelo dos exames de ABAU.

Para aprobar é necesario ter unha nota mínima dun 5. Aplicaranse as mesmas penalizacións por erros que nos exames realizados durante o curso. Os mínimos esixidos dos estándares obxecto de preguntas serán os mesmos que os establecidos para os exames do curso.